

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2016/17.

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

O 8 de xaneiro de 2014 publicouse a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Esta lei establece no seu artigo 54 que, anualmente, unha resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza determinará as épocas hábiles de caza e as medidas de control por danos, así como os réximes especiais por especies.

O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe a esta consellería a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos, concretando no seu artigo 12 que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza é o organismo que exercerá as competencias e funcións atribuídas en materia da ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos.

Con base no exposto, oído o Comité Galego de Caza na súa reunión ordinaria que tivo lugar o 15 de marzo de 2016, no uso das funcións conferidas polo artigo 54 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, e no artigo 12 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,

DISPOÑO:

TÍTULO I Normas de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución regula os períodos hábiles de caza, as especies sobre as cales se poderá exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou



particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2016/17, que abrangue o período comprendido entre o 1 de agosto de 2016 e o 31 de xullo do ano 2017.

Artigo 2. *Período hábil para a caza*

O período hábil xeral para exercer a caza na Comunidade Autónoma de Galicia será o comprendido entre os días 16 de outubro de 2016 e o 6 de xaneiro de 2017, ambos inclusive, coas excepcións que para cada especie se sinalan no título V desta resolución. Os días da semana en que se permitirá o seu exercicio dependerán das modalidades de caza, maior ou menor, de que se trate e veñen detallados nos títulos II e III desta resolución, así como nas limitacións sinaladas no título V desta resolución.

Nas zonas de caza permanente reflectidas nos plans de ordenación cinexética do correspondente Tecor autorízase a caza sementada de paspallás e perdiz, coas limitacións temporais establecidas no punto 1 do artigo 45 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Igualmente, poderase autorizar a caza sementada de coello de monte e faisán.

Artigo 3. *Venda, transporte e comercio das pezas de caza*

1. Só poderán ser obxecto de venda, transporte ou comercio as especies silvestres cazables que se relacionan no anexo II desta resolución e unicamente durante o período hábil de caza para cada especie. O tráfico ou comercio de especies de protección temporal nas provincias onde a súa captura estiver prohibida precisará dunha guía expedida polo organismo competente que xustifique a súa procedencia.

2. Os exemplares de especies cinexéticas procedentes de explotacións industriais, así como os seus ovos cando se trate de aves, poderán comercializarse en calquera época do ano, logo de acreditación suficiente da súa orixe e do cumprimento dos requisitos fixados no artigo 2 do Real decreto 1118/1989, do 15 de setembro, e demais normativa de ámbito sanitario, en especial a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e o Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal, para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como animais da fauna silvestre. O transporte dos animais realizarase, en todo caso, consonte o establecido na normativa relativa á protección destes durante o seu transporte.



Artigo 4 *Repoboación e solta de especies cinexéticas*

As soltas de exemplares de especies cinexéticas exixirán a autorización previa da persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza ao abeiro do establecido no artigo 53 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Na solicitude de autorización deberán constar as especies, o número, a procedencia e a referencia ao estado sanitario dos exemplares que se propón adquirir, así como unha declaración do interesado da adecuación da solicitude ás previsións do plan anual de aproveitamento cinexético que afecta ao terreo onde vaian ser liberados os animais.

A liberación de presas de escape para o adestramento das aves de cetraría non terá a consideración de repoboación cinexética

Artigo 5. *Adestramento de cans e aves de cetraría*

1. Nos terreos de réxime cinexético común autorízase o adestramento de cans e aves de cetraría, sen petición previa, desde o 1 de setembro de 2016 ata o 6 de xaneiro de 2017 os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico.

En terreos de réxime cinexético especial, autorízase o adestramento de cans e aves de cetraría, sen petición previa, desde o 1 de setembro de 2016 ata o 15 de outubro de 2016 os xoves, sábados, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico, e desde o 16 de outubro de 2016 ata o 6 de xaneiro de 2017 os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico.

Nos terreos de réxime cinexético especial que teñan autorizada a prórroga do período hábil de caza para a arcea, autorízase o adestramento de cans sobre esta especie, sen petición previa, desde o 7 de xaneiro de 2017 ata o 15 de marzo de 2017 os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico.

En todo caso, o adestramento realizarase sen armas nin calquera outro medio de caza, evitando que se produza a captura da peza e respectando a época de maior sensibilidade na cría das especies, segundo o establecido no artigo 44.4 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. O número máximo de cans por cazador/a será de 4 e de 12 por grupo constituído por un máximo de 6 persoas cazadoras, cal sexa for o tipo de réxime do terreo cinexético en que se realice o adestramento, agás nas zonas de adestramento para cans que teñen a súa propia normativa.



2. Autorízase o adestramento de cans e aves de cetraría en terreos de réxime cinexético especial, nas zonas destinadas a ese fin, sen petición previa, ao longo de todo o ano, agás nos meses de maior sensibilidade para a cría das especies presentes na zona, cun mínimo de dous meses consecutivos de suspensión, escollidos nun único período entre abril e xullo, que serán propostos polo/a titular do terreo cinexético no plan anual de aproveitamento cinexético, e, na súa falta, enténdese que se corresponden cos meses de maio e xuño.

3. Autorízase o adestramento na modalidade de cans atrelados en terreos de réxime cinexético especial, en toda a superficie e ao longo de todo o ano, agás nas épocas sensibles de cría, e esta época determinarase conforme o exposto no parágrafo anterior e coas seguintes condicións:

- a) Ter o can atrelado e controlado en todo momento.
- b) Non molestar en ningún caso as especies cinexéticas.
- c) Non achegarse ao cocho da peza.
- d) Un máximo de dous cans por cazador/a.
- e) Coa autorización do/da titular do Tecor ou explotación cinexética.

Coas mesmas limitacións, a persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza poderá autorizar o adestramento de cans atrelados nos terreos de aproveitamento cinexético común.

4. O adestramento de cans e aves de cetraría en terreos queimados por incendio están prohibidos durante un período que vai desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran tres anos deste, agás autorización expresa do órgano competente en materia cinexética, logo do informe favorable da consellería competente en materia forestal.

5. O adestramento de aves de cetraría en terreos de réxime cinexético común axustarase aos mesmos requirimentos e condicións que o adestramento de cans.

6. Os/as titulares de terreos de réxime cinexético especial extremarán as precaucións e adoptarán as medidas de seguridade precisas para evitar accidentes, ou calquera interferencia, durante a realización de batidas ou montarías no período que coincida co permitido



para o adestramento de cans e aves de cetraría, sen que poidan realizar o adestramento na mesma mancha onde se realiza a batida ou a montaría.

7. Con fins de competición, logo do informe da Federación Galega de Caza, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza poderán autorizar o adestramento de cans de rastro e mostra e das aves de cetraría con caza sementada en calquera época do ano nos lugares autorizados para estes fins.

Artigo 6. *Competicións de caza*

A Federación Galega de Caza ou as sociedades de caza, logo da súa autorización, poderán celebrar competicións de caza en terreos de réxime cinexético especial os xoves, sábados, domingos e festivos. Nas competicións poderán abaterse pezas de caza silvestres cando se realicen durante o seu período hábil de caza, e ao longo de todo o ano, se se realizan con caza sementada ou sen morte da caza.

TÍTULO II Caza menor

Artigo 7. *Días hábiles*

Considéranse días hábiles de caza os xoves, domingos e festivos de carácter estatal e autonómico, coas excepcións que se recollen nesta resolución.

Artigo 8. *Limitacións de carácter xeral*

1. Nas zonas libres en que, en virtude do establecido no artigo 9 punto 4 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contaren cunha superficie continua superior ás 500 ha, a cota máxima por cazador/a e día será dunha perdiz rubia e un coello.

2. Nos terreos de réxime cinexético especial as cotas serán as que se establezan nos correspondentes plans anuais de aproveitamento cinexético aprobados.

Artigo 9. *Métodos e modalidades de caza*

1. Na práctica da caza menor nos terreos de aproveitamento cinexético común, non se poderá cazar en grupos maiores de seis persoas cazadoras nin cazar coordinadamente



máis dun grupo. Cada cazador/a poderá utilizar ata un máximo de 4 cans. O número máximo de cans por grupo será de 12.

2. A práctica da cetraría e caza con arco, tanto en terreos de réxime cinexético común como especial, poderá realizarse nas mesmas condicións que as que se sinalan para a caza con outros métodos de caza.

Autorízase a caza da gaivota chorona común (*Larus ridibundus*), corona clara (*Larus argentatus*), estornio pinto (*Sturnus vulgaris*), pega rabilonga (*Pica pica*) e corvo (*Corvus corone*), mediante a modalidade de cetraría, tanto en terreos de réxime cinexético común como especial, durante todo o ano, agás nos meses de abril, maio e xuño. Nos terreos de réxime cinexético especial con autorización do titular do aproveitamento e nas zonas libres de caza, con autorización da persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza.

TÍTULO III Caza maior

Artigo 10. *Días hábiles*

Considéranse días hábiles de caza, con carácter xeral, os xoves, domingos e festivos de carácter estatal ou autonómico, coas excepcións que se recollen nesta resolución.

Artigo 11. *Métodos e modalidades de caza*

1. A celebración de montarías ou batidas en terreos de réxime cinexético especial requirirá a notificación previa ao servizo provincial de Conservación da Natureza correspondente, que deberá ser efectuada cunha antelación mínima de 10 días. Tamén poderá comunicarse mediante un calendario que abrangue toda a tempada. Tanto a solicitude como a súa celebración deberán axustarse ao disposto na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, así como na regulamentación vixente.

2. Nos terreos de réxime cinexético común en que, en virtude do establecido no artigo 9.4º da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, estea permitido o exercicio da caza ao contaren cunha superficie continua superior ás 500 ha, a caza maior no período hábil xeral só se poderá exercer os sábados e nas modalidades de batida, montaría, axexo e espera, cos requisitos que se dispoñen na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, e na regulamentación vixente e coa autorización previa do servizo provincial de Conservación da Natureza correspondente.



3. A solicitude e a realización das batidas, montarías, axexos e esperas, así como as medidas precautorias, normas de seguridade e responsabilidade, estarán suxeitos aos requisitos que prevé a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, e a regulamentación vixente. Se por calquera circunstancia algunha das batidas, montarías, axexos ou esperas autorizadas non se puider efectuar no lugar e data fixados, en ningún caso se poderá trasladar a súa celebración a outra data ou lugar.

4. Nos terreos de réxime cinexético común, as solicitudes de batidas e montarías deben ir acompañadas da relación de cazadores/as que participarán nestas cazarías colectivas.

5. Nas batidas e montarías, a persoa responsable deberá levar no seu poder, en todo momento, a autorización correspondente. A relación completa de participantes, encabezada pola persoa responsable da cazaría, cos respectivos nomes e números do DNI/NIF, deberá estar confeccionada no momento da colocación das persoas cazadoras nos postos.

6. Nos terreos de réxime cinexético especial, cando se celebre unha batida, montaría, espera ou axexo sobre especies de caza maior, poderase disparar a todas as pezas de caza maior que estean en período e día hábil de caza e que estean recollidas no plan de ordenación cinexética e no plan anual de aproveitamento cinexético e sempre que non se teña cuberta a cota de capturas. Coas mesmas premisas e sempre que se fixese constar na solicitude, poderáselle disparar ao raposo, no seu período hábil, utilizando armas e munições propias da caza maior.

Artigo 12. *Pezas de caza*

1. Nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos terreos de réxime cinexético especial e nas autorizacións concedidas para o exercicio da caza maior nos terreos de aproveitamento cinexético común, especificaranse as pezas de caza por especie, sexos e idades sobre as cales se poderá exercer a caza.

2. En todo caso, nunca poderán incluírse como pezas de caza:

a) As crías e as femias de especies de caza maior cando vaian acompañadas das súas crías.

b) Os machos inmaduros das especies corzo, cervo e gamo.

c) Os machos adultos que efectuasen a esmouca antes do peche do seu período hábil de caza.



Todos os animais de caza maior, que sexan abatidos, deberán ser identificados mediante un precinto que facilitará a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, logo do pagamento da correspondente taxa, e que deberá colocarse na peza de caza antes de ser transportada fóra do terreo en que se realizou a cazaría, de xeito que non poida quitarse sen alteralo ou destruílo.

As matrices dos precintos utilizados, xunto cos resultados da actividade cinexética sobre pezas de caza maior, así como as listas de participantes en batidas e montarías, deberá achegalos o/a solicitante aos servizos provinciais de Conservación da Natureza no prazo máximo de 15 días naturais desde a data da realización da cazaría.

Para o transporte das partes das pezas de caza maior abatidas, o responsable da cazaría emitirá unha declaración que acredite a súa procedencia, de acordo co modelo incluído no anexo VI desta resolución.

TÍTULO IV Medidas de control por danos

Artigo 13. *Danos producidos pola caza.*

1. Co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura, na circulación viaria, na flora e na fauna silvestres, os servizos provinciais de Conservación da Natureza poderán acordar medidas de control. Estas medidas adoptaranse, logo de que os/as axentes de Conservación da Natureza, seguindo directrices expresamente establecidas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, comprobemos os danos existentes.

2. As principais medidas de control fronte aos danos por especies que se poderán adoptar son as seguintes:

a) Lobo (*Canis lupus*): por danos constatados desta especie, poderanse autorizar esperas, batidas e montarías durante todo o ano, salvo nos meses de abril, maio e xuño, nos cales unicamente se poderán autorizar esperas. A existencia de danos deberá ser comunicada ao servizo provincial de Conservación da Natureza co fin de proceder á súa comprobación, como requisito previo á autorización da práctica cinexética sobre esta especie. As persoas solicitantes de cada batida, montaría ou espera autorizadas deberán informar dos seus resultados, por escrito, ao servizo provincial de Conservación da Natureza correspondente nun prazo máximo dos 5 días hábiles seguintes ao da súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a denegación doutras solicitudes e a anu-



lación automática das xa autorizadas. En todo caso, observarase o disposto no plan de xestión desta especie aprobado polo Decreto 297/2008, do 30 de decembro.

As solicitudes de autorización de medidas de control nos terreos incluídos nas zonas de xestión 1 e 2 do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, serán resoltas pola persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza resolver as solicitudes de autorización de medidas de control nos terreos incluídos na zona de xestión 3 do Decreto 297/2008, do 30 de decembro.

b) Xabari (*Sus scrofa*):

1. Co fin de reducir os danos producidos por esta especie, tras comprobarse a existencia daqueles, os servizos provinciais de Conservación da Natureza poderán autorizar a realización de batidas, montarías e esperas. As solicitudes deberán presentarse a partir da detección dos danos, de modo que permita a súa comprobación polo servizo provincial correspondente. Os/as titulares dun Tecor tamén poderán solicitar a adopción destas medidas de control nas zonas de adestramento para cans e aves de cetraría e zonas de vedado que teñan autorizadas. As persoas solicitantes das batidas, montarías ou esperas autorizadas deberán informar por escrito dos seus resultados ao servizo provincial de Conservación da Natureza correspondente, nun prazo máximo dos 10 días seguintes á súa realización. O incumprimento deste requisito poderá supoñer a non autorización de máis batidas, montarías ou esperas e a anulación automática das xa autorizadas.

2. Nos concellos que se relacionan no anexo IV desta resolución, as autorizacións de caza por danos realizaranse de xeito inmediato, sen que sexa preceptiva a comprobación destes, sen prexuízo das comprobacións que poidan efectuar os servizos de Conservación da Natureza.

Por petición do/da titular do Tecor, os exemplares capturados nas actuacións cinexéticas autorizadas por danos non serán tidas en conta no cómputo da cota anual de capturas.

c) Corzo (*Capreolus capreolus*) e cervo (*Cervus elaphus*): co fin de reducir os danos producidos por estas especies, poderase proceder de igual forma que no indicado na letra b) anterior para o xabari, agás no relativo ao especificado no número 2 da citada letra.



d) Raposo (*Vulpes vulpes*): co fin de reducir os danos producidos por esta especie, poderase proceder de igual forma que no indicado para o caso do corzo e o cervo.

3. Para os danos producidos polas especies indicadas nas letras a), b), c) e d) do punto anterior, en terreos cinexéticos de réxime especial as solicitudes formularaas o/a titular do dereito de aproveitamento; nelas recolleranse obrigatoriamente as sinaturas da persoa ou persoas prexudicadas polos danos detectados. En terreos de aproveitamento cinexético común, as solicitudes serán formuladas pola persoa ou persoas prexudicadas polos danos detectados. Cando os danos sexan xeneralizados, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza, por petición motivada dos concellos afectados e logo do informe técnico do servizo provincial de Conservación da Natureza, poderán autorizar a caza mediante as modalidades e medios que consideren máis adecuados, establecendo as condicións particulares para levar a cabo a cazaría. Os participantes nestas cazarías serán determinados polos concellos mediante un sorteo público entre os/as cazadores/as que o soliciten, e darase prioridade aos/ás propietarios/as dos bens afectados.

No caso do lobo (*Canis lupus*) observarase, en todo caso, ao establecido no plan de xestión aprobado para esta especie.

4. A persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá establecer, mediante unha resolución motivada, limitacións temporais á adopción destas medidas de control co fin de evitar alteracións nas poboacións de fauna silvestre e non interferir na súa cría e reprodución. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza, neses casos, prestarán asesoramento técnico ás persoas afectadas polos danos para a adopción de medidas alternativas de prevención e protección para as persoas ou na agricultura, na gandaría, nos montes ou na flora e fauna silvestres.

5. A carne das pezas de caza reguladas no punto 2 deste artigo que se abatan como consecuencia da adopción de medidas de control non poderá ser obxecto de venda ou comercio.

6. As pezas de caza maior que se abatan como consecuencia da adopción de medidas de control, deberán ser identificadas mediante precintos que serán facilitados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de balde e deberán colocarse nas pezas de caza antes de seren transportadas fóra do terreo en que se realizou a cazaría, de xeito que non poidan quitarse sen alteralos ou destruílos. As matrices dos precintos uti-



lizados, así como os que non sexan empregados, achegaranse ao correspondente servizo provincial de Conservación da Natureza, xunto cos resultados das cazarías.

Artigo 14. *Aves prexudiciais para a agricultura e a caza*

En virtude do disposto no artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, poderán quedar sen efecto as prohibicións contidas no capítulo I do título III da dita lei, e permitirase a caza e captura de aves silvestres que poidan ocasionar danos aos cultivos agrícolas e á fauna. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude dirixida á persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza na cal se fará constar:

- a) Especie que se pretende cazar ou capturar.
- b) Os prexuízos causados ou os riscos que se poidan producir, así como a súa magnitude.
- c) As técnicas disuasorias probadas sen éxito.
- d) Expresión do método, o tempo e o lugar onde se pretende cazar as aves prexudiciais.

Será preceptivo o informe do servizo provincial de Conservación da Natureza correspondente sobre os danos existentes, no cal se indicará se os danos foron causados ou non polas especies citadas. Se non for posible establecer razoablemente a orixe dos danos, denegarase a solicitude.

TÍTULO V
Réximes especiais por especies

Artigo 15. *Réximes especiais propostos polos/as titulares*

Serán de obrigado cumprimento as ordenacións específicas nos terreos de réxime cinexético especial aprobadas polas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, propostas polos/as titulares destes terreos, nas cales se establezan vedas e peches anticipados dos distintos períodos hábiles.



Artigo 16. *Réximes especiais por especies aprobados despois de oídos os comités provinciais de Caza e o Comité Galego de Caza*

1. Caza menor:

a) Arcea (*Scolopax rusticola*): en terreos cinexéticos de réxime especial e logo da súa solicitude, poderase prolongar o período hábil de caza para esta especie ata o día 12 de febreiro de 2017. Establécese para esta especie unha cota de captura de 3 exemplares por cazador/a e día.

b) Agacha (*Gallinago gallinago*): excepto nos concellos que se relacionan no anexo V desta resolución, nos cales a súa caza está prohibida, esta especie pódese cazar no período hábil de caza menor, e poderase prorrogar os seu período hábil en terreos cinexéticos de réxime especial e logo da súa solicitude, ata o día 12 de febreiro de 2017. Establécese para esta especie unha cota de captura de 3 exemplares por cazador/a e día.

c) Lebre (*Lepus granatensis*): unicamente se autoriza a súa caza no período hábil comprendido entre o 16 de outubro e o 27 de novembro de 2016 e en terreos de réxime cinexético especial.

d) Raposo (*Vulpes vulpes*): no período hábil de caza menor pódese cazar nas distintas modalidades de caza menor e en batida. Poderanse autorizar batidas para a caza do raposo desde o 3 de setembro ata o 15 de outubro de 2016, e desde o 7 de xaneiro ata o 12 de febreiro de 2017, os xoves, sábados, domingos e festivos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co fin de apoiar a consecución da finalidade perseguida polas actuacións de xestión, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza poderán autorizar en toda a superficie dos Tecor e explotacións cinexéticas comerciais batidas ao raposo os sábados do período hábil de caza menor, cando se planificasen e executasen actuacións de mellora sobre aquelas poboacións cinexéticas que poidan ser afectadas negativamente polo raposo. Para autorizar estas batidas de xestión, previamente deben ser solicitadas polo titular do aproveitamento cinexético, mediante o calendario do plan anual de aproveitamento cinexético, no cal se fixen as xornadas de caza en que se realizarán as batidas, e a súa necesidade queda xustificada ao facer referencia ás actuacións de mellora sobre as poboacións cinexéticas reflectidas no plan de anual de aproveitamento cinexético.



e) Paspallás (*Coturnix coturnix*): poderase autorizar a súa caza entre o 20 de agosto e o 11 de setembro de 2016 nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo III desta resolución. Autorízase a súa caza os sábados e domingos nas modalidades denominadas en man e ao salto, cun máximo de 15 escopetas por xornada e cuartel de caza e un máximo de 4 escopetas por cuadrilla. Require autorización expresa da persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Ourense, que poderá recoller medidas especiais para garantir o cumprimento destas condicións, e será preceptiva a presentación dun plan técnico de caza que ten que incluír un censo da especie, un cálculo do número de capturas totais e a súa repartición por xornadas de caza, cun máximo de 10 pezas por cazador/a e día. Os cuarteis de caza autorizados contarán cunha superficie máxima de 1.000 ha, e o seu número virá dado en función da superficie útil para a especie, de acordo co seguinte:

- Número de cuarteis autorizados:

2.000 ha < superficie útil para a especie < 5.000 ha: 1.

5.000 ha < superficie útil para a especie < 10.000 ha: 2.

Superficie útil para a especie > 10.000 ha: 3.

Só se poderá autorizar a caza desta especie nos terreos dos cuarteis en que teñan realizada a colleita na súa maior parte e prohibirase a caza naquelas superficies non recollidas.

Atendendo á época da colleita, diferéncianse dúas zonas.

– Zona 1: cuarteis localizados ao oeste do río Faramontaos, entre as localidades de Xinzo de Limia e Faramontaos e a estrada OU-1101 entre Xinzo de Limia e Vilar de Barrio.

– Zona 2: cuarteis localizados ao leste do río Faramontaos, entre as localidades de Xinzo de Limia e Faramontaos e a estrada OU-1101 entre Xinzo de Limia e Vilar de Barrio.

A persoa titular do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza da consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en Ourense poderá adiantar ou atrasar o período ata un máximo de tres semanas en cada unha das zonas. Unha vez aberto o período de caza, este non superará as catro fins de semana consecutivas en cada unha das zonas. Ademais, a diferenza temporal de apertura da caza entre as distintas zonas non poderá superar as dúas semanas. Se os atrasos foren maiores, ou



os censos efectuados así o aconsellan, a persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá modificar as cotas e os períodos autorizados e incluso anular o período. Os Tecor autorizados para a caza do paspallás deben estar dotados de vixilancia.

f) Pomba torcaz (*Columba palumbus*) e rola común (*Streptopelia turtur*): poderase autorizar a súa caza xunto co paspallás nas mesmas condicións que as reflectidas na letra e), nos Tecor da antiga lagoa de Antela nos concellos que se relacionan no anexo III desta resolución, e fixarase unha cota máxima de captura para estas especies e neste período de caza de 5 exemplares por cazador/a e xornada.

g) Tordo real (*Turdus pilaris*), tordo galego (*Turdus philomelos*), tordo malvís (*Turdus iliacus*), e tordo charlo (*Turdus viscivorus*): prolóngase o período hábil de caza para estas especies ata o día 31 de xaneiro de 2017, na superficie dos Tecor incluída nos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, O Rosal e Tui da provincia de Pontevedra.

h) Charrela (*Perdix perdix*), avefría (*Vanellus vanellus*), pato cullerete (*Anas clypeata*), rola turca (*Streptopelia decaocto*), gaivota escura (*Larus fuscus*), pomba brava (*Columba livia*) (agás exemplares utilizados como presas de escape no ámbito da cetraría), pomba zura (*Columba oenas*) e gralla cereixeira (*Corvus monedula*): queda prohibida a súa caza.

2. Caza maior:

a) Corzo (*Capreolus capreolus*): no caso dos machos, autorízase a súa caza desde o 27 de agosto ata o 15 de outubro de 2016, para exemplares adultos, nas modalidades de batida, montaría e axexo, os sábados, domingos e festivos, agás os axexos que poderán ser todos os días.

Nos terreos baixo réxime cinexético especial, poderanse cazar os machos de corzo mediante a modalidade de axexo, desde o 1 de abril ata o 31 de xullo de 2017, en calquera día da semana.

Con carácter xeral, prohíbese o aproveitamento cinexético das femias de corzo. Non obstante permitírase a súa caza puntual e localizada como consecuencia dos danos que poidan ocasionar, de acordo co establecido no artigo 13 desta resolución.

Así mesmo, en prol dun mantemento sustentable das poboacións desta especie, e sempre e cando se solicite e xustifique no correspondente plan anual de aproveitamento



cinexético, permitirase a caza das femias adultas en descaste, mediante a modalidade de axexo (calquera día da semana), ou en batida ou montaría (os sábados, domingos e festivos), no período comprendido entre o 3 de setembro e o 15 de outubro de 2016 ou ben entre o 7 de xaneiro e o 5 de febreiro de 2017, á escolla do titular do aproveitamento. Este período deberá quedar expresamente reflectido no correspondente plan anual de aproveitamento cinexético, e entenderase, na súa falta, que se corresponde co segundo dos períodos indicados (do 7 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2017).

A autorización fixará o número de pezas máximo que se poderá abater de acordo co plan anual de aproveitamento cinexético. Non poderán realizarse na mesma mancha unha batida e un axexo simultáneos, nin modalidades de caza maior e menor simultaneamente.

b) Xabaril (*Sus scrofa*): en terreos de réxime cinexético especial, poderá cazarse os xoves, sábados, domingos e festivos desde o 27 de agosto de 2016 ata o 15 de xaneiro de 2017, nas modalidades de batida, montaría e espera, autorizadas segundo o establecido nos artigos 11 e 12 desta resolución.

En terreos de réxime cinexético común, poderá cazarse os xoves, sábados, domingos e festivos desde o 27 de agosto ata o 31 de agosto de 2016 e desde o 7 de xaneiro ata o 15 de xaneiro de 2017. No período comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 6 de xaneiro de 2017, ambos incluídos, unicamente se poderá cazar os sábados.

Queda prohibido realizar, na mesma mancha e xornada, batidas sobre esta especie e practicar a caza sobre especies de caza menor.

c) Cervo, gamo e muflón (*Cervus elaphus*, *Dama dama* e *Ovis ammon musimon*): unicamente poderán cazarse en terreos cinexéticos de réxime especial, na modalidade de axexo, desde o 3 de setembro ata o 2 de outubro de 2016, calquera día da semana, no caso de machos adultos e femias adultas en descaste e, con todas as modalidades, desde o 16 de outubro de 2016 ata o 15 de xaneiro de 2017, os xoves, sábados, domingos e festivos e calquera día no caso dos axexos, con autorización dos servizos provinciais de Conservación da Natureza.

d) Cabra montés (*Capra pyrenaica*): prohibese a caza desta especie no territorio de Galicia agás nos Tecor do Xurés especificados no correspondente plan de aproveitamento cinexético aprobado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, onde se permite a



súa caza desde o 15 de setembro de 2016 ata o 15 de marzo de 2017, impoñéndose, entre outras, as seguintes condicións e restricións:

• A modalidade de caza permitida é o axexo e establécese unha cota de capturas de 10 machos (7 exemplares de trofeo e 3 selectivos) e 3 femias en descaste, diferenciando os seguintes períodos en función do tipo de exemplar que se cace:

Exemplar	Datas
Macho selectivo e femia adulta en descaste	De 15.09.2016 ata 31.10.2016
Macho trofeo	De 15.12.2016 ata 15.03.2017

e) Rebezo (*Rupicapra pyrenaica*): unicamente se permite o aproveitamento cinexético desta especie na Reserva Nacional de Caza dos Ancares, de acordo co establecido no artigo 19 desta resolución.

f) Lobo (*Canis lupus*): queda prohibida en xeral a súa caza en Galicia, e poderán adoptarse medidas de control fronte aos danos producidos pola especie, de acordo co reflectido no artigo 13.2.a) desta resolución.

Artigo 17. *Terreos nos cales se prohibe o exercicio da caza*

Sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, con respecto ao exercicio da caza nas zonas de seguridade, queda prohibido o exercicio de toda clase de caza e adestramento de cans e aves de cetraría nos terreos recollidos no anexo I desta resolución, así como nas zonas de seguridade declaradas expresamente a petición do titular dos terreos.

Artigo 18. *Autorización de xestión cinexética en vedados*

De acordo co establecido no artigo 19.3º da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, os vedados de caza poderán ser obxecto de xestión cinexética por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais, debidamente motivadas.

As solicitudes de autorización de xestión dirixiranse á xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio correspondente, e deberán ir acompañadas dun informe técnico en que se xustifique a necesidade da adopción das ditas medidas.



O servizo provincial de Conservación da Natureza valorará se as solicitudes presentadas se axustan ás motivacións establecidas no citado artigo e fixará as condicións para o outorgamento das autorizacións, de ser o caso.

Artigo 19. *Réxime especial da Reserva Nacional de Caza dos Ancares*

Os períodos hábiles de caza na Reserva Nacional de Caza dos Ancares estableceranse en función dos acordos que en tal sentido tome a Xunta Consultiva da Reserva.

Disposición adicional única

As datas e condicións para presentar o plan anual de aproveitamento cinexético correspondente á tempada 2016/17 serán as seguintes:

1. Os Tecor ou explotacións cinexéticas comerciais que teñan vixente o seu plan de ordenación cinexética, deberán presentar o plan anual de aproveitamento cinexético ante o correspondente Servizo de Conservación da Natureza, utilizando preferentemente a aplicación informática habilitada para o efecto e dispoñible no portal web de caza de Galicia <http://emediorural.xunta.es/caza/UsuariosCaza/>

O prazo de presentación mediante o emprego desta vía será de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Para acceder á dita aplicación informática será preciso identificarse introducindo o número de CIF/NIF e contrasinal facilitado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Os interesados poderán optar, así mesmo, á presentación do plan anual de aproveitamento cinexético utilizando o formulario dispoñible na <http://www.cmati.xunta.es/>. Neste caso, o prazo de presentación será 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No caso dos Tecor ou explotacións cinexéticas comerciais que non teñan vixente o seu plan de ordenación cinexética e non presentaron a solicitude de renovación, establécese como data límite para a presentación do novo plan de ordenación cinexética e do plan anual de aproveitamento cinexético o 31 de maio de 2016. Para a súa presentación poderán escoller calquera das vías indicadas no punto 1 anterior.

3. Os Tecor ou explotacións cinexéticas comerciais que, tendo presentada a solicitude de renovación do plan de ordenación cinexética, non obteñan a súa resolución expresa



dentro do prazo fixado no artigo 2.5 do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, entenderán por aprobado o dito plan.

4. No caso dos Tecor ou explotacións cinexéticas comerciais que presentaron no prazo establecido para o efecto a solicitude de aprobación do plan anual de aproveitamento cinexético para a tempada 2016/17, sen obtiren unha resolución expresa de acordo co establecido no artigo 48.2 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, considerárase non aprobado o dito plan en canto non se dite esta resolución expresa. Non obstante, quedará prorrogada a vixencia do plan anual de aproveitamento cinexético correspondente á tempada 2015/16, ata que se dite a correspondente resolución administrativa.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para modificar o inicio ou o remate dos períodos de caza sinalados cando haxa razóns especiais que o xustifiquen, así como para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente disposición mediante resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda

Facúltanse as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para autorizaren as competicións deportivas que afecten unha soa provincia, e a persoa titular da Dirección de Conservación da Natureza cando afecten máis dunha provincia.

Disposición derradeira terceira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Ana María Díaz López
Directora xeral de Conservación da Natureza



ANEXO I
Zonas nas cales se prohibe o exercicio da caza e o adestramento
de cans e aves de cetraría

Lémbrese, con carácter xeral, a prohibición de cazar nas zonas de seguridade as cales se refire o artigo 85.10º da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 13 desta resolución.

Provincia da Coruña

Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
CO-1	Arquipélago de Sálvora do P. Nac. Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (concello de Ribeira)	Toda a súa superficie
CO-2	Parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira)	N: vila de Corrubedo e estrada de acceso a esta desde Artes; S: camiño que une a parroquia de Vilar con Liboi ata punta Corveiro; L: camiño que comunica as parroquias de Artes e Vilar
CO-3	Zona costeira occidental atlántica co concello de Muros: zona da lagoa de Louro	Camiño público que desde O Acoradoiro sae á estrada AC-550 de Cee a Ribeira; segue por esta estrada ao longo de 200 metros para continuar polo límite do Monte Naraío e Tixía e polo camiño a través deste ata alcanzar a AC-550, pasando polo casarío da Madanela, 80 metros ao longo desta ata o comezo do chamado camiño do monte Louro, límite deste monte entre o camiño e o mar; liña de costa ao longo da praia de Louro ata o porto do Acoradoiro e desde aquí, en liña recta, ata o punto de partida.
CO-4	Illas Sisargas (concello de Malpica de Bergantiños)	Toda a súa superficie
CO-5	Zona costeira occidental atlántica do concello de Porto do Son, zona lagoas de Xuño e San Pedro de Muro	Río Sieira desde a súa desembocadura no océano Atlántico, río arriba, ata a estrada de Noia a Sta. Uxía de Ribeira (km 52,3). Desde este punto ata a encrucillada da estrada de Seráns, pasando por San Pedro de Muro, ata a antiga fábrica de tella. Desde aquí, seguindo o camiño que chega ata a punta do cabo Teira, séguese pola liña de costa ata a desembocadura do río Sieira
CO-6	Zona costeira occidental atlántica do concello de Ferrol: lagoa de Doniños	Norte, partindo da liña de costa séguese a liña que separa os terreos de uso militar, ata chegar á encrucillada da estrada que vai a Curros e Fontemaioir; desde esta encrucillada de estradas séguese pola estrada de Fonta ata chegar á punta Penencia na costa e desde aquí, pola liña de costa, ata a liña de terreos de uso militar
CO-7	Zona da lagoa da Frouxeira no concello de Valdoviño	Norte desde a punta da Frouxeira, ao longo do areal ou praia da Frouxeira, pola liña de costa ata a liña recta imaxinaria trazada desde a illa Percebelleira ata a estrada que desde Porta do Sol, en Valdoviño, remata na praia. Seguindo por esta estrada ata a estrada de Ferrol a Cedeira e por esta ata o seu cruzamento coa de Ferrol a Valdoviño ata Canto do Muro, pola estrada local da Frouxeira ata a punta da Frouxeira.
CO-8	Zona do monte de San Xurxo e monte de Brión, concello de Ferrol	Norte e oeste co océano Atlántico, ao leste con predios particulares na demarcación parroquial de San Xurxo en que está situado o monte, ao sur con predios particulares e o océano Atlántico. Norte e oeste, demarcación parroquial de Doniños. Ao leste, con propiedades particulares da parroquia de Brión, ao sur con propiedades particulares e océano Atlántico




Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
CO-09	Encoro de Cecebre	N: desde a presa seguindo pola estrada que une a paraxe de Cecebre con San Román, atravesando os lugares de Seixurra e San Román, ata o cruzamento coa autoestrada do Atlántico; L: seguindo a autoestrada ata o quilómetro 17 e continuando por unha pista en terra de servidume daquela, para rematar na presa de formigón sobre o río Mero; S: desde o punto anterior seguindo a marxe dereita do río Mero ata a ponte, e continuando pola estrada entre os lugares de Torre, Covelo, Agrolongo e Orto de Arriba ata o viaduto do río Barcés, cuxa marxe dereita segue ata o lugar de Táboas, na estrada de Mabegondo a Carral; O: seguindo a marxe esquerda do río Barcés ata o viaduto e continuando pola estrada ata a presa do encoro
CO-10	Encoro de Sabón	Desde a presa do encoro contiguo á central térmica de Sabón pola estrada de servizo do polígono industrial, deixando o encoro á man esquerda ata o cruzamento da estrada da Coruña a Fisterra. Desde este punto, e seguindo a estrada de servizo do polígono, ata as instalacións industriais de Silicios de Sabón, S.A. e presa
CO-11	Brañas de Sada, concello de Sada	Parroquia de Sada. Coord.: lonxitude 8° 15' W, latitude 43° 21' N
CO-12	ZEPA Es0000086, ría de Origueira e Ladrado	A que figura na Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG nº 95, do 19 de maio), pola que se dispón a publicación no DOG da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG nº 69, do 12 de abril)
CO-13	Encoro da Ribeira, concello das Pontes de García Rodríguez	N: marxe do encoro e límite do Tecor C-10.121 ata 200 m da confluencia do regato Brandián; L: bordeando a Finca Cabalar a 200 m do cercado e continuando pola marxe dereita do río Eume ata a área recreativa do Caneiro; S: desde a área recreativa do Caneiro seguindo o camiño ou pista cara ás Pontes de García Rodríguez ata a confluencia do camiño que baixa ao complexo recreativo de Vilarbó, seguindo este camiño ata as ditas instalacións e despois continuando pola marxe esquerda do encoro, respectando os 200 m de influencia, ata a presa; O: desde a presa seguindo a marxe do encoro en Cuíña, Vilarnovo e Maraxón ata pechar o perímetro
CO-14	Ría de Ferrol	Desde a ponte das Pias ata a desembocadura do Xuvia en ambas as dúas marxes
CO-15	Marismas de Baldaio	N: océano Atlántico; S: o camiño desde Rebordelos a Santa Mariña, pasando pola Igrexa, Castrillón, Outeiro, Cambre e Arnados; L: o camiño desde a praia Pedra do Sal ata Rebordelos; O: o camiño desde Santa Mariña á punta do Pazo
CO-16	Enseada de Insua, concello de Ponteceso	N: o camiño local de punta Balarés a Cospindo, continuando pola estrada de Corme ata Ponteceso, estrada de Ponteceso a Buño; S: estrada de Ponteceso a Laxe, ata o lugar de Canduas; L: o camiño que vai desde a estrada de Ponteceso a Buño ata o río Anllóns, continuando por este, ata Anllóns de Arriba; O: a liña que une Canduas, punta Padrón e punta Balarés
CO-17	Lagoa de Traba	N: océano Atlántico; leste e sur: desde punta Arnado seguindo polo camiño en parte, ata enlazar coa última pista de concentración parcelaria, que discorre paralelamente á lagoa en dirección ao lugar de Cernado; O: pista asfaltada que une o lugar de Mórdomo coa estrada comarcal de Laxe-Ponte do Porto
CO-18	LIC Es1110007 Betanzos-Mandeo	Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG nº 95, do 19 de maio), pola que se dispón a publicación da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (<i>Diario Oficial de Galicia</i> nº 69, do 12 de abril)




Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
CO-19	Estación cinexética de Cerqueiros (Monfero)	En toda a estación
CO-20	Marisma de Carnota	Área incluída dentro do perímetro da masa de auga
CO-21	Encoro de Vilagudín, concellos de Cerceda, Ordes e Tordoia	Área incluída dentro do perímetro da masa de auga dentro dos 200 metros de cota máxima do nivel de auga do encoro
CO-22	Encoro de Vilasenín (concellos de Cerceda e Ordes)	Área incluída dentro dos cinco metros da cota máxima do nivel de auga do encoro
CO-23	MVMC de Xián, Furiño, Gándara, A Ribeiratorra e Reboredo (parroquias de Colúns e Arcos, concello de Mazaricos)	Toda a súa superficie
CO-24	Terreo do mosteiro de Sobrado	Toda a súa superficie
CO-25	Zona do Barbanza	Linde O: iníciase na cota 557, que separa os montes de Barbanza de Cures e Barbanza de Nebra; continúa polas cotas 576, 567, 602, 600, 581, 593, 663, 606, 612, 597 e 620 de Barbanza de Nebra, segue polas cotas 622, 616 de Barbanza de Noal, continúa polas cotas 634, 626, 629, 644 e 616 de Barbanza de Baroña, cota que fai límite cos montes de Barbanza de Boiro. Linde L: da cota 616, límite entre os montes de Barbanza de Baroña e Barbanza de Boiro, cruzando o rego Barazal ata a cota 561 de Barbanza de Boiro, de aquí á fonte de Porto Traveso e ás cotas 562, 572, 576 e 557 de Barbanza de Cures recollendo o inicio do linde O.
CO-26	Terreos do concello de Sobrado	S: desde o quilómetro dous da estrada LC-233 ata a saída do regato da lagoa de Sobrado; séguese o seu curso ata o lugar da Pontepedra, O: desde A Pontepedra, seguindo a estrada ata o quilómetro 18 da LC-231; N: pola estrada que vai ao centro ictioxénico ata a dita instalación; L: desde o centro ictioxénico, monte a través ata o quilómetro 2 da estrada LC-233
CO-27	Marismas de Dodro	Os límites da prohibición están sinalizados sobre o terreo polo servizo provincial de Conservación da Natureza da Coruña






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-r029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-w1c1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






Zonas Prohibidas

Código: C-14
Concello: NARON

Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsoide GRS80
Sistema de referencia ETRS89


CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1



Provincia de Lugo

Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
LU-01	Xunqueiras e ría de Ribadeo	Desde A Ponte do Porto pola pista que pasa por Mión de Loureiro ata a altura do km 4,700 da estrada de Vegadeo a Lugo, onde cruza o río Eo; desde este punto quilométrico segue pola citada estrada de Lugo a Vegadeo ata Porto de Abaixo, desde aquí e pola estrada nacional de Santander á Coruña ata Ribadeo, desde aquí pola estrada provincial ata Senra, desde aquí pola pista que chega á punta de costa denominada punta de Penas Brancas
LU-02	Monte Fraga Vella (concellos de Abadín e Mondoñedo)	N: monte de utilidade pública Tremoal e Fraga das Vigas, parroquia de Labrada, do concello de Abadín; Casarío dos Agros e río Fraga Vella; L: río Fraga Vella e monte de utilidade pública nº 46B Brañas e Toxiza, da parroquia de Mondoñedo e outras; S: monte de utilidade pública. nº 43 Coto da Cal, da parroquia de Romariz, do concello de Abadín; O: monte de utilidade pública nº 44 Tremoal e Fraga das Vigas, da parroquia de Labrada, do concello de Abadín
LU-03	Terreos de Espiñeira e lagoa de Cospeito (concello de Cospeito)	N: termo do concello de Vilalba, ata o punto de cruzamento da estrada de Rábade a Moncelos por Cospeito, en Guisande; L: estrada de Rábade a Moncelos por Cospeito; S: estrada de Rábade a Moncelos por Cospeito, lugar da Feira do Monte e estrada de Cospeito a Vilalba, ata a ponte de Sistallo; O: pista da ponte de Sistallo á casa de Angulo da Espiñeira, ata o límite co concello de Vilalba
LU-04	Terreos do monte do Veral, parroquia do Veral, concello de Lugo	N: estrada de Lugo a Friol e río Mera; L: propiedades particulares da parroquia de San Xoán do Alto; S: propiedades de veciños/as de San Xoán do Alto e camiño de Avelaidas; O: río Mera, monte da parroquia do Veral, e propiedades dos veciños do Veral
LU-05	Monte Paramedela (concello da Pobra do Brollón)	N: monte de Salcedo a Bairán; L: monte de Salcedo a Bairán; S: monte de Salcedo a Bairán e río Lor, concello de Quiroga; O: monte de Salcedo e Bairán e río Loureiro
LU-06	Monte Bibeí (concello de Quiroga)	N: monte da Enciñeira; L: provincia de Ourense, monte comunal e propiedades particulares; S: provincia de Ourense; O: río Bibeí, propiedades particulares, regato de Cavados e estrada de Ourense a Ponferrada
LU-07	Devesa da Rogueira (sita en Moreda, O Courel)	N: monte e prados en Moreda; L: monte de Moreda e de Vieña, ata o pico de Formigueiros; S: termo municipal de Quiroga ata Corga de Mosa e monte de Ferreiros ata pico Polín; O: monte de Parada
LU-08	Ría de Foz	N: boca da ría desde punta do Cabo ata punta de San Bartolomeu; L: desde o punto anterior pola beira leste da praia de Altar á de Tupido, estrada de Viladaide e Áspera e camiño á igrexa de San Cosme de Barreiros, estrada ao Vilar, ferrocarril Ferrol-Xixón ata o camiño de dirección NS á estrada comarcal 642 de Ferrol por Ortigueira; S: estrada C-642, A Espiñeira e Ponte da Espiñeira; O: desde a Ponte da Espiñeira, pola estrada C-642 ata Fondós, baixada á punta de Malatel e beira da ría ata punta do Cabo
LU-09	Veiga de Pumar (concello de Castro de Rei)	N: termo municipal de Cospeito, pola estrada de Rocelle a Porto do Monte e en liña recta ao porto de Boraño, no río Miño; L: río Miño ata 200 metros augas abaixo da desembocadura do regato de Pumar, na presa de Oroxe, leiras particulares ata o cruzamento da estrada de Xustás a Oroxe; S: estrada de Oroxe a Almodia; O: estrada de Almodia a Arneiro ata o límite do termo municipal de Castro de Rei
LU-10	Lagoas do Pedroso, parroquias de Pazos e Illán, (termo municipal de Begonte)	N: pista de acceso desde O Pedroso ata a confluencia co río Ladra; L: pista que comunica os lugares de Riocaldo e O Pedroso; S: nacional VI; O: río Ladra






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1



Provincia de Ourense


Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
OU-01	Encoro de Castrelo de Miño (concellos de Ribadavia, Castrelo de Miño e Cenlle)	Nas augas e marxes de dominio público, desde os lugares de Sanín e Oleiros ata o encoro
OU-02	Parque Natural do Invernadeiro (concello de Vilaríño de Conso)	Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Invernadeiro
OU-03	Finca Salgueiros (concello de Muíños), pertencente ao Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés	Toda a súa superficie
OU-04	Subzona ZPDG-A1 (Alta Serra do Xurés en Lobios e Muíños, O Barranco da Cruz do Touro en Lobios e o Barranco de Olelas en Entrimo)	Decreto 64/2009, do 19 de febreiro polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural da Baixa Limia Serra do Xurés
OU-05	Zona de influencia de explotación de áreas da comarca da Limia, no termo municipal de Sandiás	Plano do plan director de restauración para as explotacións mineiras a ceo aberto na lagoa de Antela, aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2001, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se publica a declaración de impacto ambiental marco e plan director de restauración para as explotacións mineiras a ceo aberto na lagoa de Antela (Ourense) do 2 de febreiro de 2001, (DOG núm. 99, do 24 de maio)
OU-06	Terreos do predio da Edreira e Nabuíñas, no termo municipal de Laza	Toda a súa superficie
OU-07	Zonas de reserva integral do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra	Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





INSTITUTO IGAET Cartografía elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio
 Ferramentas cartográficas elaboradas por el Instituto de Estudos do Territorio

 Zonas Prohibidas


Código: OU-01
Concello: RIBADAVIA, CASTRELO DE MIÑO E CENLLE

Proxectión U.T.M. Fuso 29
 Elipsoidal GRS80
 Sistema de referencia ETRS89




CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1



Provincia de Pontevedra


Código	Lugar afectado	Delimitación da zona prohibida
PO-01	Arquipélagos das Cíes, Ons e Cortegada do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	Toda a súa superficie
PO-02	Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público da enseada de San Simón, formada polo entrante da ría de Vigo ata a ponte de Rande, sobre o estreito de Rande	Toda a súa superficie
PO-03	Augas mariñas, illotes e zona litoral de dominio público e zona marítima do complexo intermareal do Umia-O Grove-Lanzada-punta Bodeira	Zona húmida incluída no Convenio internacional de Ramsar
PO-04	Norte e sur das Gándaras de Budiño (concello do Porriño)	N: estrada que parte da estrada N-550 en dirección Santo André; S: estrada que parte da N-550 en dirección Madanela; L: N-550 e estrada de acceso ao polígono das Gándaras; O: a división entre a vexetación da zona húmida e os piñeiros, matogueira e terras de cultivo. Camiño que parte da estrada que marca o límite norte e que atravesa Centeáns, Quintela, e chega ata Madanela
PO-05	Encoro de Pontillón do Castro (concello de Pontevedra): Superficie: 31,5 ha	N: pista forestal contigua ao encoro; L: pista forestal contigua ao encoro que continúa a anterior; S: estrada comarcal de Pontevedra ao encoro, desde a confluencia coa pista anterior ata o dique daquel. O: liña imaxinaria paralela ao límite dos terreos propiedade do Concello de Pontevedra, a unha distancia de 250 m, que parte do dique do encoro
PO-06	Zona sur da Illa de Arousa, denominada punta de Carreirón	N: enseada da Brava e praia de Salinas; L: liña de costa; S: liña de costa; O: liña de costa
PO-07	Zona do Baixo Miño e illa Canosa	N: pola pista que delimita o piñeiral da praia de Camposancos, segue pola faixa aberta polo tendido eléctrico de alta tensión, segue ata o campo de deportes, continúa por toda a zona húmida, desde a pista que sae da Pasaxe ata a ponte do río Tamuxe; L: río Tamuxe; S: río Miño; O: océano Atlántico e punta de Santa Tegra
PO-08	Illa Canosa e Morraceira do Grilo	Toda a súa superficie
PO-09	Parque Natural do Monte Aloia, en Tui	Toda a súa superficie
PO-10	Zona do Val Miñor	N: estrada PO-340, desde a desviación para Mañufe ata monte Lourido; S: estrada de Mañufe á ermida Sta. Marta; L: estrada e ponte desde Mañufe á estrada PO-340; O: zona marítima desde a ermida de Santa Marta ata os illotes de Garza e monte Lourido
PO-11	Xunqueira de Alba, no termo municipal de Pontevedra	N: pista da Ponte das Cabras ata a autoestrada A-9; S: río Lérez; L: pista desde As Correntes pasando pola ponte do Maxeiro, rúa da Gándara, ata Ponte das Cabras; O: autoestrada A-9






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-w1c1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






Zonas Prohibidas

Código: PO-04
Concello: PORRIÑO

Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsoide GRS80
Sistema de referencia ETRS89


CVE-DOG: a2f5crg7-w1c1-r029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1






CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1





CVE-DOG: a2f5crg7-wlc1-n029-2eh0-bfupri7bfsr1



ANEXO II

Relación de especies cazables comercializables no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

a) Aves:

- *Anas platyrhynchos*: pato real
- *Alectoris rufa*: perdiz rubia
- *Phasianus colchicus*: faisán común
- *Columba palumbus*: pombo torcaz
- *Columba oenas*: pomba zura¹
- *Coturnix coturnix*: paspallás¹

b) Mamíferos:

- *Lepus granatensis*: lebre
- *Oryctolagus cuniculus*: coello
- *Vulpes vulpes*: raposo
- *Sus scrofa*: xabaril
- *Cervus elaphus*: cervo
- *Capreolus capreolus*: corzo
- *Dama dama*: gamo
- *Ovis ammon musimon*: muflón*

¹ Só os exemplares procedentes de explotacións industriais

* Especie incluída no convenio de Washington



ANEXO III

Concellos da provincia de Ourense que abranguen a antiga lagoa de Antela

- Rairiz de Veiga
- Vilar de Santos
- Sandiás
- Vilar de Barrio
- Sarreaus
- Xinzo de Limia
- Trasmiras
- Porqueira
- Xunqueira de Ambía



ANEXO IV

**Relación de concellos en que se poderán adoptar medidas excepcionais
para o control dos danos ocasionados polo xabaril**

Baña (A)	Baleira	Arnoia (A)	Agolada
Bergondo	Baralla	Barco de Valdeorras (O)	Cerdedo
Boimorto	Barreiros	Boborás	Dozón
Brión	Becerreá	Bolo (O)	Estrada (A)
Cabana de Bergantiños	Begonte	Carballeda de Valdeorras	Forcarei
Cabanas	Bóveda	Carballiño (O)	Guarda (A)
Carnota	Carballedo	Castrelo de Miño	Lalín
Cerdido	Castroverde	Castro Caldelas	Meaño
Coristanco	Cervantes	Cenlle	Pontecesures
Curtis	Chantada	Gudiña (A)	Rodeiro
Ferrol	A Fonsagrada	Larouco	Rosal (O)
Laracha (A)	Guitiriz	Maceda	Silleda
Laxe	Incio (O)	Maside	Vila de Cruces
Lousame	Láncara	Manzaneda	Vilagarcía de Arousa
Mañón	Lourenzá	Merca (A)	
Mazaricos	Lugo	Mezquita (A)	
Monfero	Monforte	Montederramo	
Muxía	Monterroso	Monterrei	
Negreira	Muras	Muíños	
Ortigueira	Navia de Suarna	Ourense	
Outes	Ourol	Pereiro de Aguiar (O)	
Paderne	Palas de Rei	Peroxa (A)	
Ponteceso	Pantón	Piñor	
Pontes de García	Pastoriza (A)	Pobra de Trives (A)	
Rodríguez (As)	Pedrafita do Cebreiro	Punxín	
Ribeira	Pobra de Brollón (A)	Ramirás	
Santiago de Compostela	Pol	Ribadavia	
Santiso	Pontenova (A)	Riós	
San Sadurniño	Portomarín	San Amaro	
Toques	Quiroga	San Cibrao das Viñas	
Tordoia	Ribadeo	San Xoán de Río	
Touro	Saviñao (O)	Teixeira (A)	
Trazo	Sober	Veiga (A)	
Val do Dubra	Taboada	Verín	
Valdoviño	Trabada	Viana do Bolo	
Vimianzo	Valadouro (O)	Vilamarín	
Zas	Vicedo (O)		
	Vilalba		
	Xermade		
	Xove		



ANEXO V

Relación de concellos nos cales se prohíbe cazar a agacha (*Gallinago gallinago*)

- Baltar
- Baños de Molgas
- Calvos de Randín
- Cualedro
- Monterrei
- Muíños
- Porqueira
- Rairiz de Veiga
- Sarreaus
- Trasmiras
- Vilar de Barrio



ANEXO VI

Declaración responsable de procedencia de partes de pezas cinexéticas

D./D^a. _____ con NIF _____
e enderezo en _____ provincia de _____,
en calidade de responsable da cazaría realizada o _____, no espazo
cinexético _____, con matrícula _____, na
modalidade _____.

Declara:

Que o exemplar da especie _____ sexo _____ foi cazado na citada cazaría,
sendo identificado co precinto nº _____, e fai ENTREGA:

A D./D^a. _____ con NIF _____
e enderezo en _____ provincia de _____,
das seguintes partes da peza cinexética:

Partes da peza cinexética (especifíquense): _____	Peso aproximado (kg): _____
_____	_____
_____	_____

Data:

Asdo.: o responsable da cazaría _____

Este documento soamente acredita a procedencia legal das partes da peza cinexética. Non exime, por tanto, o seu posuidor, do cumprimento da normativa sanitaria ou de calquera outro requisito legal que poida ser requirido polas autoridades competentes.

A validez desta autorización esténdese ata un máximo de 15 días naturais desde a data da súa emisión.

